

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE  
XANEIRO DE 2008**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, do EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M<sup>a</sup> Irache Enríquez Albania, interventora, e dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

**1º Aprobación, se procede, da conta xeral do exercicio 2006**

Visto o expediente incoado no seu día.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Especial de Contas de data 26 de novembro de 2007.

Vista a proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 22 de xaneiro actual que se transcribe literalmente a continuación:

“Cunpriméntado o trámite legal de exposición ao público da Conta xeral do orzamento de 2006, dende o día 1 ata o 20 de decembro de 2007, ambos inclusive, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 277 do día 30 de novembro de 2007, e durante os oito seguintes, e non presentándose reclamación ningunha, procede elevar ao Pleno da Corporación, co ditame favorable da Comisión Especial de Contas celebrada o día 26 de novembro de 2007, a seguinte proposta de acordo:

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercizo de 2006 e rendila ante o Consello de Contas e o Tribunal de Contas de conformidade co establecido no artigo 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.”

Aberto debate, don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que tal e como consta na acta da Comisión Especial de Contas de data 26 de novembro, votan en contra sobre todo con base nas anomalías que se recollen no informe da Intervención.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, solicita que conste en acta, que o rexeitamento hipotético da conta xeral impediría a presentación de subvencións ante a Xunta de Galicia.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os catro concelleiros do BNG e o concelleiro do GM (PG), e votan en contra os sete concelleiros do PP e os dous concelleiros de EU-IU.

A corporación, por doce votos a prol, acordou:

Aprobar a Conta Xeral do Concello de Cambre correspondente ao exercizo de 2006 e rendila ante o Consello de Contas e o Tribunal de Contas de conformidade co establecido no artigo 223 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

## **2º Proposta para participar na segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, da Deputación Provincial da Coruña**

Vista a proposta do concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes de data 17 de xaneiro de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 29 de xaneiro actual.

Aberto debate, don José Antonio Baamonde López, voceiro do PP, manifesta que o seu grupo vota a prol. Consideran que é unha débeda histórica co club “Once Caballeros” e con todo O Temple e era un compromiso que adquiriran todos os grupos municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que apoian a proposta, pero estráñalles que, postos en contacto coa xunta directiva do club, descoñecían os aspectos do proxecto técnico e consideran que ao ser os que van utilizar máis as instalacións, deberíaselles ter consultado, terlles presentado e explicado o proxecto, pois son os que, pola experiencia, poden darse conta das posibles deficiencias, e poderíanse ter subsanado xa.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o presidente e o secretario coñecían como ía ir o proxecto, se eles non o comunicaron ao resto da directiva, el non o sabe.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), expón que tamén vai votar a prol, pero quere dicir algo con respecto a este tema. Di que este campo de fútbol podía estar feito no 2007 co diñeiro da Xunta, e o alcalde o sabe pois foi con Muñiz Míguez en outubro de 2006 a ver ao director xeral de Deportes e dixéronlles que lles facían un campo de fútbol onde quixeran, só tiñan que poñer a disposición os terreos. Nese momento el era concelleiro de Deportes, e o alcalde non lle dixo nada, enterouse disto polo presidente do Brexo-Lema.

Conclúe dicindo que este campo podía estar feito xa con diñeiro da Xunta, ou se o Brexo-Lema tivera cedido os terreos, se tivera feito aquel e agora este, e se dispoñería de dous. As xestións deben facerse para beneficio dos veciños de Cambre, non para os amigos.

O Sr. alcalde contesta que se o Sr. Marante non participou foi porque non tiña interese. A cesión do Once Caballeros non estaba feita. Fixéronse as xestións e agora o terreo é do concello, polo que é agora cando se pode solicitar a subvención.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Participar na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

Denominación: Proxecto de obra de campo de herba artificial da Barcala.

Orzamento: 398.335,33 €

Achega municipal: 59.750,30 €

Achega provincial: 338.605,03 €

Segundo: Aprobar o correspondente proxecto técnico da obra do campo de fútbol de herba artificial da Barcala previsto no apartado 1º.

Terceiro: Solicitalle á deputación a delegación da contratación e execución da obra incluída no Plan, que se entenderá aceptada no suposto de que efectivamente se produza.

Cuarto: Para o financiamento do importe da achega municipal con cargo aos seus propios recursos, este concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente, crédito dabondo para o seu financiamento.

Quinto: Declarar que o concello non solicitou nin percibiu subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento do campo de fútbol de herba artificial da Barcala ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, que a suma total delas non supere o 100 % do seu importe.

Sexto: Facultar o alcalde-presidente para executar todo o relacionado co presente acordo.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

Mª Luisa de la Red Ampudia